

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DO ALUMNADO DO “MASTER PROPIO EN MEDICINA ORAL, CIRURXÍA ORAL E IMPLANTOLOXÍA”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA** que:

O Servizo Galego de Saúde formalizou o 27.04.2017 coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o convenio arriba referido por un período de catro anos desde o día seguinte ao da súa sinatura, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais.

O instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a forma e condicións da colaboración entre as partes asinantes, cara a unha axeitada planificación, desenvolvemento e avaliación das prácticas dos alumnos do “Máster Propio en medicina oral, cirurxía oral e implantoloxía”, en centros ou unidades dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

O instrumento convencional fundamentase en:

- 1 Que a USC, como prestadora do servizo público da educación superior, realiza actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico.
- 2 Que, dentro destas actividades, o Consello de Goberno da USC aprobou con data 7 de xuño de 2016 a décimo novena edición do Máster Propio en medicina oral, cirurxía oral e implantoloxía, orientado á formación en patoloxía da cavidade oral e tratamentos cirúrxicos de cirurxía oral, organizado pola Unidade de Investigación e Servizo Universitario de Medicina de Cirurxía Oral.
3. Que a finalidade do título é acreditar a formación en medicina oral, cirurxía oral e implantoloxía.

A odontoloxía, como o resto das ciencias da saúde, sofre un constante cambio debido aos rápidos avances científicos e tecnolóxicos. A actualización e a investigación nas técnicas de tratamento tanto médico como cirúrxico é un obxectivo prioritario neste máster xa que a universidade debe estar na vangarda neste aspecto e debe servir de canle para a súa difusión.

Os programas de formación da/do licenciatura/grao en Odontoloxía, inclúen só parcialmente aspectos teórico-prácticos das técnicas médicas e cirúrxicas antes referidas, polo que resulta oportuno a organización deste máster para profundizar nestas técnicas que forman parte da súa práctica diaria.

Como institución de educación superior, a USC ten vontade de potenciar a realización da formación, especialización e prácticas nos centros, unidades e servizos integrados no Servizo Galego de Saúde, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do seu alumnado.

Tanto a Consellería de Sanidade coma o Servizo Galego de Saúde, veñen colaborando tradicionalmente na organización e desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde promovidas dende a Universidade de Santiago de Compostela ou dende calquera das outras universidades galegas.

O Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creou a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de actuar, en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da formación no Sistema público de saúde de Galicia. A súa Presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

A Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, prescriben a colaboración permanente entre as Universidades e as Institucións Sanitarias dirixida a conseguir a utilización da estrutura asistencial do sistema sanitario na docencia pregraduada, postgraduada e continuada dos profesionais sanitarios, de forma tal que toda a formación que reciban os profesionais da saúde poida estar integrada nas estruturas de servizos do sistema sanitario.

O Servizo Galego de Saúde, manifesta a súa disposición favorable a colaborar na medida das súas posibilidades para que o alumnado do citado máster propio poida realizar prácticas nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

